

CONVOCATORIA IRPF 2020

Proxectos Executados por Fundación Menela en 2021

1. Proxecto de investimento para a realización de obras para a prestación de servizos de atención a persoas maiores, dependentes ou con discapacidade.

Denominación do proxecto				
Centro de recursos de transición á idade adulta para persoas con TEA				
Aportación Xunta de Galicia		Financiamento Fundación Menela		Total Proxecto
Importe	%	Importe	%	Importe
48.719,68	71%	20.000,00	29%	68.719,68 €
Descrición				
<p>O Centro de Recursos de Transición a Idade Adulta para persoas con TEA constitúese como un servizo polivalente, que dará soporte aos Programas de Transición a Idade Adulta de Fundación Menela, actuando como núcleo de dinamización e investigación de novas metodoloxías didácticas dirixidas á atención do colectivo TEA en etapa xuvenil e adulta. Ademais, a súa posta en marcha servirá de apoio aos servizos profesionais especializados da Fundación Menela nas áreas de diagnóstico, atención temperá e atención á saúde, co que se converte nun Centro de Referencia sobre os TEA para toda a área do sur de Galicia.</p> <p>Neste primeira fase do proxecto, Fundación Menela levará a cabo a reforma dunha vivenda de 190 m2 construídos con unha finca anexa de 850 m2, para permitir o seu uso como local destinado á xestión de programas para persoas con discapacidade. Nunha segunda fase, a executar no ano 2022, acometerase a dotación de equipamento e mobiliario, polo que a súa posta en marcha está prevista para o segundo semestre de 2022.</p>				

2. Programas de prevención, identificación, diagnóstico precoz da discapacidade e da atención temperá.

Denominación do proxecto				
Programa de Detección do TEA en mulleres				
Aportación Xunta de Galicia		Financiamento Fundación Menela		Total Proxecto
Importe	%	Importe	%	Importe
5.000,00	82,6%	1.051,82	17,3%	6.051,82 €
Descrición				
<p>Con este proxecto, a Fundación Menela pretende cubrir as necesidades actuais dentro do diagnóstico e tratamento de mulleres con TEA, poñendo en marcha un servizo de diagnóstico e asesoramento especializado para nenas e mulleres con Trastorno do Espectro de Autismo</p> <p>Entre outros, o proxecto pretende os seguintes obxectivos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Establecer dun protocolo de diagnóstico para mulleres dentro do espectro autista que se axuste ás diferenzas e necesidades reais. 2. Diminuír a idade de diagnóstico en mulleres e favorecer unha intervención temperá que mellore a súa calidade de vida. 4. Realizar campañas de información sobre as características do TEA en mulleres. 5. Deseño de campañas divulgativas de signos de alerta de TEA en mulleres 				

3. Programas que promovan o desenvolvemento das habilidades e competencias adecuadas nas familias e cuidadores.

Denominación do proxecto				
ENCONTROS 2021. Formación e Apoio Terapéutico a Familias				
Aportación Xunta de Galicia		Financiamento Fundación Menela		Total Proxecto
Importe	%	Importe	%	Importe
6.000,00	82,1%	1.311,52	17,9%	7.311,52 €
Descrición				
<p>O proxecto ENCONTROS 2021 permitirá dispoñer dun equipo de profesionais cualificados en autismo, mediación e terapia familiar, que ofrecerá formación e asesoramento a pais/nais, irmáns ou calquera outro familiar que teña relación directa co cuidado da persoa con TEA. O proxecto está dirixido á formación e adquisición de Habilidades Sociais por medio de cursos en formato presencial e a distancia, para afrontar os temas que mais preocupan ás familias das persoas usuarias dos Centros e Servizos da Fundación</p>				

4. Programas que favorezan o apoio ao envellecemento activo das persoas con discapacidade.

Denominación do proxecto				
Envellecemento saudable para persoas con TEA gravemente afectadas				
Aportación Xunta de Galicia		Financiamento Fundación Menela		Total Proxecto
Importe	%	Importe	%	Importe
2.500,00	72,8%	935,76	27,2%	3.435,76 €
Descrición				
<p>O programa pretende poñer en marcha un conxunto de actividades de estimulación cognitiva e determinar no tempo a influencia das mesmas na prevención do envellecemento dos beneficiarios. Os resultados servirán de base para deseñar futuros programas de intervención da Fundación Menela neste eido.</p> <p>Este proxecto considera a estimulación cognitiva e motivacional en referencia a todas aquelas actividades dirixidas a mellorar o rendemento cognitivo xeral do individuo, non a rehabilitar ou manter procesos ou compoñentes específicos do mesmo. Céntrase en ofrecer unha atención orientada á estimulación e á conservación das capacidades cognitivas e motivacionais, dirixido a persoas que presentan baixos niveles de autonomía, como é caso das persoas con TEA gravemente afectadas</p>				

5. Programas culturais, deportivos e de participación en xeral nos que se favoreza a presenza conxunta de persoas con e sen discapacidade.

Denominación do proxecto				
LUDOTEA 2021				
Aportación Xunta de Galicia		Financiamento Fundación Menela		Total Proxecto
Importe	%	Importe	%	Importe
8.600,00	91,4%	811,31	8,6%	9.411,31 €
Descrición				
<p>O proxecto de apoio educativo LUDOTEA da Fundación Menela está deseñada para satisfacer as necesidades de nenos con TEA en idade escolar que persegue desenvolver tanto redes sociais entre familiares con TEA, especialmente entre irmáns, como mellorar as habilidades psicosociais das persoas beneficiarias.</p> <p>Mediante estratexias psico-educativas perséguese adestrar en habilidades persoais e sociais aos nenos con TEA así como desenvolver redes sociais e de apoio nas que participe a familia, establecendo rutinas que fomenten o desenvolvemento sensorial e a participación social.</p> <p>LUDOTEA ofrece un espazo de lecer para os nenos con TEA e os seus irmáns onde poidan desenvolverse física e emocionalmente a través de xogos e talleres de entretemento, fomentando a habilidades psicosociais das persoas con TEA.</p> <p>Son obxectivos específicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Propiciar un punto de encontro, cun ambiente lúdico, entre nenos con TEA e os seus irmáns. - Favorecer a interrelación dos nenos con TEA cos seus irmáns e á súa vez entre todos eles, creando novas redes sociais e de apoio - Adestrar e mellorar as habilidades persoais e sociais dos nenos con TEA. 				

6. Programas que promoven servizos de respiro, apoio e descanso para familiares e cuidadores de persoas con discapacidade.

Denominación do proxecto				
Programa de respiro familiar 2021				
Aportación Xunta de Galicia		Financiamento Fundación Menela		Total Proxecto
Importe	%	Importe	%	Importe
6.500,00	77,5%	1.888,12	22,5%	8.388,12 €
Descrición				
<p>O proxecto ofrece estanza, en fins de semana, nun Centro Residencial con Atención básica integral e Actividades de Ocio e Tempo Libre. Este proxecto de Fundación Menela cumpre coa función de apoiar ás familias das persoas usuarias dos seus servizos na súa tarefa de cuidadores, desde unha abordaxe centrada na persoa e no sistema familiar:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Incorpora á persoa cuidadora como elemento de intervención integral, equilibrando o impacto familiar e psicolóxico - Contempla a intervención desde a perspectiva de xénero e a transversalidade para favorecer procesos de igualdade, como elemento de mellora no contorno do coidado e de equilibrio social e familiar - Promove a conciliación e a corresponsabilidade como instrumentos de calidade no coidado e na vida persoal e familiar - Utiliza a prevención e a promoción da saúde como ferramentas de mellora desde a óptica do coidado integral 				

7. Programas dirixidos a mellorar a calidade de vida, a autonomía persoal e a inclusión social e laboral das persoas con discapacidade.

Denominación do proxecto				
Programa de preparación para a vida autónoma de adolescentes con TEA				
Aportación Xunta de Galicia		Financiamento Fundación Menela		Total Proxecto
Importe	%	Importe	%	Importe
3.900,00	79,4%	1.009,60	20,6%	4.909,60 €
Descrición				
<p>O proxecto proporciona atención especializada para atender especificamente as necesidades formación e inclusión social de mozos e adultos con TEA, con idades comprendidas entre os 16 anos a 21 anos. O tratamento céntrase na preparación profesional, planificación do itinerario profesional e educativo, fomento da vida independente, busca de oportunidades de emprego, estilos de vida saudables e manexo dos síntomas dos TEA nun ambiente estruturado e solidario, que se centra na guía e apoio dos seus compañeiros.</p> <p>A través deste programa, o participantes poderán adquirir comportamentos favorables relacionados co benestar e hixiene persoal, consolidar hábitos saudables, mellorar a capacidade relacional co ámbito físico e social, etc.. O proxecto posibilita, en definitiva, a adquisición e desenvolvemento de capacidades, coñecementos, destrezas e habilidades a través dunha formación flexible, apoios especializados, materiais adaptados e unha metodoloxía moi sistemática, individualizada e centrada na persoa.</p>				

8. Programas de apoio a persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.

Denominación do proxecto				
Programa de Apoio Xurídico para Persoas Adultas con Trastorno do Espectro do Autismo				
Aportación Xunta de Galicia		Financiamento Fundación Menela		Total Proxecto
Importe	%	Importe	%	Importe
9.994,40	61,6%	6.220,00	38,4%	16.214,40 €
Descrición				
<p>O Servizo de Apoio Xurídico para persoas adultas con TEA de Fundación Menela é unha nova oferta dirixida á inclusión social efectiva deste colectivo que pon disposición das persoas e familias un paquete de axustes razoables para o exercicio da súa capacidade xurídica efectiva, complementados con medidas de carácter xeral para facilitar a accesibilidade cognitiva no acceso ao espazos físicos, á información e a comunicación para que o exercicio de tales dereitos poida ser real. O Servizo contempla distintas formas de asistencia á persoa que o precisa, incluíndo apoios na comunicación, na comprensión dos actos xurídicos e das súas consecuencias e na manifestación e interpretación da vontade da propia persoa.</p>				